


Xadrez para todos

Jordi Prió Burgués
Ramon Torra Bernat
Imma Farré Vilalta

iniciación

2



Xadrez para todos

INICIACIÓN 2


Jordi Prió Burgués
Ramon Torra Bernat
Imma Farré Vilalta




Edita: Balàgium Editors, SL

info@balagium.com

www.balagium.com




A versión orixinal en catalán deste material curricular foi homologada polo Departament d'Educació da Generalitat de Catalunya.



Primeira edición: setembro 2009
ISBN: 978-84-936720-5-8
Depósito legal: L-1308-2009

Deseño cuberta: Pere Fradera Barceló
Maquetación: Jordi Prió Burgués
Ilustracións: Ramon Mayals Marbà

© Jordi Prió Burgués
Ramon Torra Bernat
Imma Farré Vilalta
Balàgium Editors, SL
Ramon Mayals Marbà



Reservados todos os dereitos.

Ningunha parte desta publicación pode ser reproducida, almacenada ou transmitida por ningún medio sen permiso do editor.

Índice

Limiar	v
Presentación	viii
Orientacións pedagóxicas	ix
Autores	x

Unidade 1 **Anotación**

Identificación de casas e pezas	2
Anotación dun movemento	3
Anotación dunha captura	6
Xogadas confusas	9
Xogadas especiais	11
Valoracións	13
Ritmos de xogo. Reloxos	14

Unidade 2 **Apertura**

Fases dunha partida	18
Dominio do centro	19
Normas básicas da apertura	22

Unidade 3 **Erros na apertura**

Perdas de tempo	32
Mover demasiados peóns	32
Mover innecesariamente a mesma peza	34
Pezas menores ameazadas	36
Mover a dama incorrectamente	38
Peóns débiles	40
Peón dobrado	40
Peón illado	42
Peón atrasado	44
Peón demasiado avanzado	46

Unidade 4 **Minipartidas**

Mate do tolo	50
Mate do despistado	51
Mate do pastor	53
Mate de Légal	54

Unidade 5**Intercambios**

Presión-defensa	64
Intercambios de pezas	67
Simplificación	75
Contraataque	83

Unidade 6**Combinacións**

Combinación e táctica	86
A dobre ameaza	88
A cravada	91
Os raios X	94
A descuberta	97

Unidade 7**Combinacións de mate I**

Mates con dama	106
Mates con torre	111

Unidade 8**Combinacións de mate II**

Mates con peón	120
Mates con alfil	125
Mates con cabalo	130

Unidade 9**Finais de peóns**

Regra do cadrado	138
Regra da oposición	140
Rei contra rei e peón	142
Finais con dous peóns	150

Unidade 10**Finais de peóns e peza menor**

Peón e cabalo	160
Peón e alfil	165
Cabalo contra peón	170
Afil contra peón	177
Cabalo contra dous peóns	179
Afil contra dous peóns	182

Limiar

“Non é un complexo vitamínico nin un fármaco revolucionario, pero mellora o rendemento cognitivo; non é un profesor particular, pero axuda a obter boas notas; non é un animador social, pero fai amigos; non é unha ONG, pero pon en contacto persoas de distintas xeracións, sexos, países, cores... non é un psicoterapeuta, pero fai medrar o respecto polos demais e o amor propio; é, simplemente, o xadrez”. (Anuncio publicitario da Escola do Club Xadrez Bueu, 1995).

Son coñecidas dende hai moito tempo as virtudes deste xogo para o desenvolvemento cognitivo. Numerosos experimentos aquí e acolá demostrano sen lugar a dúbidas: mellora a atención, a memoria, o cálculo, a imaxinación..., mesmo a forza de vontade. Por estas e outras razóns, o 10 de marzo de 1995, o senador de Coalición Canaria, Marcelino Galindo, presentaba unha proposición non de lei para a implantación do xadrez no sistema educativo; malia ser aprobado por unanimidade, hoxe, máis alá de pequenas iniciativas individuais, está moi lonxe de ser unha realidade.

Estudos recentes mostran, ás claras, que o xadrez non só é unha marabillosa ferramenta para a mente dos nenos, senón que axuda a previr ou atrasar a deterioración cognitiva froito da idade e, case con toda seguridade (están sen rematar os estudos), os do mal de Alzheimer. Só estas virtudes, en si mesmas liberadoras, pois axudan a pensar por un mesmo e melloran a calidade de vida, xustifican a presenza do xadrez nas nosas vidas, pero aínda hai máis.

O xogo de Caísa, aínda que se practica en silencio, é unha festa da comunicación. O filósofo Fernando Savater afirmaba que acaso o máis importante do xadrez é que sen o outro non hai partida. Borges, sempre tan suxestivo, definiu os xadrecistas como “urdidores de labirintos”; non son pois persoas que resoven enigmas, senón seres que propoñen camiños que outra mente ten que desenmarañar. O outro, home ou muller, novo ou vello, branco, negro, amarelo... de calquera lingua, lugar ou condición social, ten sempre un lugar ao lado, neste mar compartido e, polo tanto, é un antídoto contra toda discriminación.

O xadrez, cultura en si mesmo, é un vehículo ideal para transitar polo mundo das artes, e non só porque sexa motivo para algunhas delas, senón porque pode abrírnos campos insospeitados na interpretación dalgunhas obras literarias, cinematográficas ou pictóricas.

Pero sobre todo o xadrez é un xogo, unha fonte de pracer, un lugar onde enfrontarnos aos nosos propios abismos con vocación de superación, onde atoparnos coa creatividade allea coma un reto, coma unha fantástica maneira de aprender a medrar. Que os sentidos nos enganaran é algo que xa sabían os sabios gregos, por iso cando Ljubomir Ljubojevic –daquela prometedor interior dereito dun afamado club da antiga Iugoslavia– exclamou que se dedicaría ao xadrez porque o fútbol era “demasiado lento”, estaba a proclamar unha enorme verdade porque como mandara dicir a un peón o grande Dieste: “Unha vez, lémbrome, sentía pasar por min tantos camiños que, canto máis Peón era, máis coidaba ser eu soño todo o xogo”¹; en todo caso diríamos, parafraseando a León Felipe, que lle serve para sentir todo o ritmo da vida a nosa alma.

A cultura galega, a lingua galega, para ser gozada en pé de igualdade precisa que os seus usuarios, os seus falantes, poidan achegarse a calquera ámbito do saber, a calquera ámbito da creación cultural, a calquera ámbito do lecer, a través dela, nela mesma. Hoxe, por exemplo, aínda non podemos acceder, para o noso gozo familiar e persoal, libre da programación da TVG, ás grandes obras da historia do cinema na nosa propia lingua; por iso son tan importantes iniciativas como as que o lector ten nas súas mans.

Malia a existencia dun texto tan marabilloso como o que antes citabamos de Dieste, as publicacións sobre xadrez son ben escasas; vén á mente deste prologuista o Manual básico de xadrez (Universidade de Santiago) escrito por Xosé Luís Veiga Goy e Carlos Arias, Aprendendo xadrez (Xerais) de Juan Andrés Castro Díaz e pouco máis que algúns artigos sobre xadrez e cultura publicados pola hoxe xa desaparecida revista Río, da asociación “Eliseo Alonso” no Baixo Miño.

Xadrez para todos, evocador título que recorda a mítica columna de JO en Cambio 16, é un proxecto moi interesante porque nace de dúas fontes fecundas, o amor ao xadrez e a reflexión pedagóxica. Unha reflexión pedagóxica moderna, axustada aos métodos de aprendizaxe máis avanzados, que busca a simplicidade nas explicacións con grande peso do aparato visual e cunhas actividades axeitadas a cada contido e ao nivel ao que vai destinado.

Este segundo tomo conduciranos a través do sistema de anotación, tan útil para axustar o ritmo do pensamento e para poder reflexionar, no futuro, sobre o realizado, polos rudimentos da apertura e os seus erros máis comúns, polos intrincados camiños da combinación e as súas ideas, polos finais básicos, ordenadores da intelixencia espacial... cun sutil fío neste fascinante mundo de camiños que se bifurcan cara ao infinito e, acaso, máis alá.

Quero que as miñas últimas palabras sexan de felicitación para os autores desta enciclopedia polo seu ben facer, para a Secretaría Xeral de Política Lingüística pola iniciativa e por abrir novos campos de liberdade, ao aumentar as posibilidades de acceder ao xadrez na lingua propia de Galicia.

Ao lector, o meu agradecemento pola súa lectura destas liñas, froito máis do amor ao xadrez que do entendemento.

Moitas grazas. ²

Salvador Castro Otero, xadrecista do Club Bueu, e a Secretaría Xeral de Política Lingüística

1. DIESTE, Rafael: “A traxedia do cabalo de axedrez”, en Dos arquivos do trasno.

2. Quero agradecerlles a Manuel Aldao Portas e Alba Poses Sobral a súa colaboración na elaboración deste texto.

Limiar

Dende a Federación Galega de Xadrez queremos renovar a gratitude coa Secretaría Xeral de Política Lingüística por darlle continuidade a esta iniciativa multimedia que agora tes nas túas mans.

A federación concibe o xadrez como un deporte que debe ser universal e que chega a todos e todas dende as idades máis temperás. Neste proxecto facemos causa común con moitos e moitas xadrecistas, clubs, árbitros e monitores que co seu apoio fan posible que proxectos como este se fagan realidade.

A difusión do xadrez na nosa lingua convértese por tanto nun novo punto de encontro, máis alá doutras posibles diferenzas culturais ou sociais que poidan existir, no que todo deporte, materia ou ciencia poida ser impartida e aprendida.

Coa nosa modesta colaboración neste proxecto tratamos de contribuír a que ese primeiro contacto co xadrez se faga na nosa lingua, conscientes da importancia que para ambas as dúas entidades ten que isto suceda, especialmente nos centros de ensino da nosa comunidade e nas escolas deportivas dos clubs e concellos.

A existencia dun material didáctico en galego e accesible para todos e todas convértese nunha ferramenta fundamental para docentes e monitores e monitoras, que con esta obra dótanse dunha serie de recursos de indubidable calidade pedagóxica.

A accesibilidade universal está garantida pola súa faceta de proxecto multimedia; pódese acceder dende as nosas respectivas páxinas web á versión dixital do texto e pódense, dese xeito, imprimir as fichas ou unidades didácticas con facilidade e en cor.

Agardamos que deste primeiro contacto xurda o interese polo xadrez que aínda que nun primeiro momento non debe deixar de ter esa faceta lúdica e agradable, especialmente ás idades ás que se dirixe este proxecto, pode desembocar na profundación tanto da práctica deportiva, como da satisfacción da curiosidade polo seu estudo, así como o dos seus aspectos técnicos, ou simplemente polo orgullo de ver progresar o coñecemento dunha nova disciplina deportiva; pois cando un xogador ou xogadora logra concentrarse na súa partida até o punto de interiorizar a posición do taboleiro, e é capaz de reproducila na súa mente, prodúcese ese momento máxico no que as pezas cobran unha nova dimensión, e as relacións entre estas entrelazan un universo novo na cuadratura das 64 casas.

E é nese paso onde a Federación Galega de Xadrez pon todos os seus recursos á disposición dos futuros e futuras xadrecistas, dende o apoio informativo de cara á creación dun club, pasando pola posta a disposición de técnicos e técnicas para a organización de eventos, así como o material preciso e os árbitros formados nos numerosos cursos e seminarios que esta imparte.

FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

Presentación

O proxecto editorial de Balàgium Editors xurdiu da necesidade de cubrir un baleiro bibliográfico no ámbito do ensino do xadrez escolar porque a gran maioría de libros de xadrez publicados están orientados ao perfeccionamento nesta disciplina e diríxense, polo tanto, a un público xa iniciado.

Un dos nosos obxectivos é contribuír á xeneralización do ensino do xadrez nos centros educativos. Trátase dun instrumento pedagóxico e lúdico de primeira orde, debido ás vantaxes que leva consigo a aprendizaxe e a práctica deste deporte-xogo na formación integral das persoas.

Polo tanto, o noso proxecto está orientado á creación de materiais pedagóxicos, tanto en formato libro como en multimedia, para a difusión e o ensino do xadrez nos ámbitos educativo, deportivo e lúdico.

Unha das innovacións do proxecto consistiu en incorporar a metodoloxía de traballo das editoriais do ámbito educativo sobre planificación, elaboración e creación de materiais didácticos ao mundo do xadrez. Isto foi posible ao combinar a experiencia pedagóxica de profesores e mestres de centros educativos e os coñecementos xadrecísticos de xogadores e monitores deste deporte.

Como consecuencia, realizouse un traballo de elaboración dun currículo completo en contidos (conceptos, procedementos, valores e actitudes) e en obxectivos para todos os cursos das etapas educativas de preescolar, primaria e secundaria. A partir desta programación global, elaboráronse e estanse a publicar unha serie de libros e as súas guías didácticas, agrupados en varias coleccións (Xoga e aprende, Xadrez para todos e Práctica). A finalidade é que o profesorado e o seu alumnado dispoñan de materiais axeitados e complementarios para poder ensinar e aprender, respectivamente, o xogo do xadrez dunha forma doada, pedagóxica, universal e continuada en todos os cursos escolares das etapas obrigatorias.

Actualmente, estase a desenvolver un portal educativo innovador a través de Internet onde o xadrez será o centro de interese de todas as actividades e contidos programados e, ao mesmo tempo, contribuirá ao uso formativo das novas tecnoloxías da información.

En definitiva, a partir de proxectos pedagóxicos globais e completos para o ensino do xadrez, contribuírase moito mellor á difusión e á aceptación de que a práctica deste xogo estratéxico facilita o proceso da aprendizaxe e a educación integral da persoa, mellorando notablemente o rendemento escolar e o grao de maduración intelectual e persoal do alumnado.

Así pois, pódese afirmar rotundamente que o xadrez contribúe a formar bos cidadáns e cidadás.

Todo isto debería contribuír a facilitar a incorporación do xadrez nos centros educativos por parte dos responsables gobernamentais en educación.

Pódese ampliar a información sobre estes proxectos, os seus materiais didácticos, os autores e as vantaxes da práctica do xadrez na páxina web www.balagium.com.

Orientacións pedagóxicas

Os libros da colección Xadrez para todos presentan, mediante un deseño visual e atractivo, os conceptos de forma progresiva. Tamén formulan exercicios de dificultade gradual para cada concepto explicado, co fin de favorecer a súa aprendizaxe.

Cada concepto introdúcese no momento axeitado, relacionándoo cos contidos anteriormente explicados e, pola súa vez, serve de introdución para outros conceptos que se presentan posteriormente, xa sexa en capítulos do mesmo libro ou dos seguintes libros da colección.

Na web www.balagium.com pódense consultar as **guías didácticas** de cada libro para ampliar orientacións con respecto ao uso destes libros e á metodoloxía utilizada.

Aínda que a metodoloxía aplicada permita utilizar estes libros para unha aprendizaxe autodidacta, sempre se conseguirá un mellor aproveitamento dos contidos a través das clases impartidas por monitores ou profesores.

Para que os resultados sexan óptimos, é necesario que cada alumno e alumna dispoña dun libro. Así, facilitarase que poidan realizar os exercicios e, tamén, repasar os contidos que se explicasen nas clases. É dicir, actuarase de forma análoga ao modo de ensino de calquera materia nos centros educativos, onde o profesorado utiliza como base os libros dunha editorial para todos os cursos da etapa escolar.

Estrutura da colección Xadrez para todos

Esta colección comprende seis libros de distintos niveis: dous de iniciación, dous de nivel intermedio e dous de nivel avanzado.

En cada libro da colección trabállanse contidos da apertura, do medio xogo e dos finais.

Para consultar as solucións dos exercicios, pódese descargar o **solucionario**, en formato pdf, que se acha dentro da ficha do libro seleccionado na sección desta colección, na sección de libros da nosa web.

Estrutura do libro *Xadrez para todos. Iniciación 2*

Unidade 1: anotación dunha partida.

Unidades 2-4: explicación das normas básicas, dos típicos erros e dunhas sinxelas orientacións estratéxicas na apertura da partida.

Unidades 5-8: explicación dos tipos de intercambios entre pezas e das diferentes combinacións, tanto para conseguir un beneficio de material como para realizar xaque mate.

Unidades 9-10: explicación de varios finais con peóns e/ou pezas menores.

Estrutura dunha unidade

Cada unidade iníciase cunha portada e o índice do seu contido.

Nas páxinas de teoría preséntanse os conceptos mediante definicións, esquemas e exemplos varios.

Cada páxina de teoría vén acompañada doutras con exercicios para facilitar e practicar estes contidos conceptuais. Ao final das unidades, hai unha serie de páxinas de exercicios combinados sobre todos os conceptos da unidade.

Autores

En canto aos autores dos libros e do material do proxecto, estes pertencen aos ámbitos da pedagogía e do xadrez.

Jordi Prió Burgués

Licenciado en Ciencias Físicas e posgraduado en Didáctica das Matemáticas.

É profesor de matemáticas de ensino secundario no IES Ciutat de Balaguer. Impartiu cursos a profesores en novas tecnoloxías da información e en didáctica do xadrez pola Consellería de Educación do Goberno de Cataluña.

Presidiu o Club de Ajedrez Balaguer (1998-2003) e dirixiu o prestixioso Open Internacional Ciutat de Balaguer (1998-2006).

É monitor e árbitro da Federación Catalá de Xadrez, tamén é formador de monitores da Federación Catalana.

Ramon Torra Bernat

Enxeñeiro agrónomo pola Universidade de Lleida. Mestrado Thesis realizado mediante programa Erasmus en Wageningen, Países Baixos (2005-2006). Estadia de investigación en Iowa State University en EUA (2006).

Monitor da Federación de Xadrez de Cataluña.

Dirixiu a Escuela de Xadrez de Balaguer (EDEBA) (1998-2004), que ofrece actividades formativas nos colexios de Balaguer e da provincia.

Foi o principal responsable da área formativa e da coordinación de monitores.

Imma Farré Vilalta

Licenciada en Filoloxía Catalá e catedrática de ensino secundario.

Desempeñou o cargo de coordinadora pedagóxica e imparte cursos de formación ao profesorado en materia de avaliación e didáctica da lingua e da literatura.

Formou parte do equipo de traballo dunhas das máis importantes editoriais de libros de texto en Cataluña (Editorial Text-La Galera, de Enciclopedia Catalana), como coautora dos libros de texto da materia de catalán na etapa de secundaria.

É consultora (profesora asociada) da Universidade Aberta de Cataluña (UOC) e tamén foi profesora na Universidade de Lleida.

Participa como colaboradora externa en grupos de investigación no ámbito da literatura catalá contemporánea da Universidade de Lleida.

Así mesmo, varios mestres internacionais, que se dedican ao ensino pedagóxico do xadrez, colaboraron na revisión dos libros e na achega de suxestións. A todos eles, o noso agradecemento.

Anotación

Identificación de casas e pezas

Anotación dun movemento

Anotación dunha captura

Xogadas confusas

Xogadas especiais

Valoracións


Ritmos de xogo. Reloxos











Identificación de casas

Cada casa identifícase mediante a letra da columna e o número da fila. Primeiro anótase a letra e despois o número.



Identificación de pezas

Cada peza identifícase mediante a letra inicial do seu nome. Para facilitar a anotación, o peón non ten asignada ningunha letra.

<i>Pezas</i>						
<i>Nome</i>	peón	alfil	torre	dama	cabalo	rei
<i>Letra</i>		A	T	D	C	R

As iniciais das pezas son diferentes segundo o idioma. Así, por exemplo, os ingleses nomean o rei co K, porque en inglés se di *king*.

Moitas das recompilacións de partidas de xadrez levan o símbolo da peza en vez da súa letra inicial para simplificar e unificar o sistema de anotación.




Anotación dun movemento

Para anotar un movemento, hai que escribir o número da xogada seguido do movemento da peza.

Primeiro anotamos, á esquerda, a xogada das brancas e despois, á dereita, a das negras (consulta o exercicio 7 da páxina 15).

1. Movemento do peón


1



Só hai que indicar a casa onde se coloca o peón xogado.

1. e4

2




Cando o peón coroa, engádese ao final un signo igual e a inicial da peza pola que se cambia.

c8=D , ...

2. Movemento do resto das pezas


3



Procedemos coma no caso anterior, pero engadimos diante a letra, en maiúscula, da peza que se xoga.

2. ... , Cc6

4




Xogada 3 das brancas: o alfil móvese á casa b5.

3. Ab5


1

Anota a xogada indicada mediante unha frecha.


a




b




c




d



e




f




2


Indica cunha frecha a xogada anotada debaixo de cada taboleiro.




1. Cf3




2. c4




3. ... , Ac5



3. ... , e6



8. ... , Tc8



4. Ad3




Anotación dunha captura

A captura dunha peza indícase co símbolo x.

Este símbolo engádese entre a letra da peza que captura e a casa da peza capturada.

1. Captura co peón


1



Indícase a columna do peón que se move, seguida do símbolo x e a casa da peza capturada.

2. ... , exd4

2




Xogada 4 das negras: o peón da columna d captura o alfil da casa c6.

4. ... , dxc6

2. Captura co resto das pezas


3



Engádese o símbolo x entre a letra da peza e a casa onde se produce a captura.

3. Cxd4

4




Xogada 6 das brancas: o alfil branco captura o cabalo negro da casa c6.


6. Axc6

3


Anota a captura sinalada coa frecha.




Blank space for annotation.




Blank space for annotation.




Blank space for annotation.



Blank space for annotation.




Blank space for annotation.




Blank space for annotation.

4


Indica cunha frecha a xogada anotada debaixo de cada taboleiro.




6. ... , Db6




2. ... , dxc4




4. Axc4



8. ... , Cxd5



Cxd7 , ...



exd5 , ...




Xogadas confusas

Hai que poñer atención nestes dous casos que se mostran para evitar confusións na anotación das partidas.

1. Dúas pezas iguais poden ir a unha mesma casa


1



Engádesse a columna ou a fila da peza que se move entre a letra inicial e a casa de destino.

Cbc3 , ...
ou C1c3 , ...

2




Engádesse a columna ou a fila da peza que se move entre a letra inicial e o símbolo x.

Taxc1 , ...


2. O peón captura ao paso

3



Despois do símbolo x anótase a casa onde se coloca o peón que captura ao paso e engadimos as letras **ap**.

... , f5





Repasa a captura ao paso no libro da mesma colección, Iniciación 1.


exf6 ap , ...


5


Anota a xogada que indica cada frecha.

















Xogadas especiais

A continuación, poderás observar algunhas xogadas que se representan con símbolos diferentes.

Enroque curto

1




Representátese con dous círculos separados por un guión.

6. O-O , ...

Enroque longo

2




Representátese con tres círculos separados por guións.

8. ... , O-O-O

Xaque ao rei

3




Se ao facer unha xogada o rei adversario queda en xaque, engádesse o símbolo da suma despois da anotación.

Ac3+ , ...

Xaque mate

4









No caso que se dea xaque mate, hai que engadir dous símbolos da suma.

Dxh7++

6

Anota a xogada que indica cada frecha.






Valoracións

A simboloxía que segue úsase para valorar, de xeito abreviado, algunhas xogadas ou a partida.

Símbolos para valorar algunhas xogadas

??	xogada moi mala
?	xogada mala
?!	xogada dubidosa
!?	xogada interesante
!	xogada boa
!!	xogada moi boa

1




O símbolo ?? indica que a xogada do cabalo é moi mala.

... , Cd7 ??

Símbolos para valorar o resultado dunha partida

1 - 0	gañan brancas
1/2 - 1/2	táboas
0 - 1	gañan negras

2



Estas indicacións serven para saber que xogador gañou a partida.

Dxh7++ , ...
1 - 0



Ritmos de xogo

Nas partidas de competición, cada xogador ten que chegar a realizar unha cantidade de xogadas antes de superar un tempo preestablecido. Se non se fixese así, as partidas terían unha duración ilimitada.


Tipos de partidas	Lentas	Rápidas	Lóstrego
Tempo	A partir de dúas horas	De 15 a 60 minutos	Menos de 15 minutos
Controis	Un ou dous	Ningún	Ningún
Anotación	Obrigatoria	Voluntaria	Non se anota

O xogador que consome todo o tempo do reloxo perde a partida. Tamén perde se nas partidas lentas non chega á cantidade de xogadas establecidas para cada control de tempo.



Reloxos

Os reloxs úsanse para controlar o tempo do que dispón cada xogador na partida. Cada un ten un reloxo que acumula o tempo que tarda en facer as súas xogadas.



Cada xogador, despois de facer unha xogada, ten que pulsar o botón do seu reloxo. Deste xeito, detense o seu reloxo e empeza a funcionar o do adversario.

7

Reproduce a partida que está anotada na folla sobre un taboleiro de xadrez.
Fixate nas xogadas que fan os grandes mestres internacionais.

OPEN INTERNACIONAL D'ESCACS "Ciutat de Balaguer"

www.openbalaguer.org



Rolda 6 Resultado 1 - 0 Mesa 5

□ Barua, Dibyendu GM India

■ Suba, Mihail GM Rumanía

Data 21 - 07 - 1998

N.º	□	■	N.º	□	■	N.º	□	■	N.º	□	■
1	e4	c5	21	Ag4	Tcb8	41			61		
2	Cf3	d6	22	Ag5	Dxc2	42			62		
3	d4	Cf6	23	Tae1	Dc4	43			63		
4	Cc3	cx d4	24	Ae6	Cg7	44			64		
5	Cxd4	e6	25	b3	Dc3	45			65		
6	Ae2	a6	26	Txe5	fxe6	46			66		
7	a4	Dc7	27	Df4	Cf5	47			67		
8	O-O	Ae7	28	Txf5	gxf5	48			68		
9	f4	O-O	29	dxe6	Dd3	49			69		
10	Rh1	Td8	30	Te1	Tc8	50			70		
11	Ae3	Cbd7	31	Ah6	De3	51			71		
12	De1	b6	32	Dh4	Tc1	52			72		
13	Dg3	Ab7	33	Axe3		53			73		
14	f5	e5	34		Abandono	54			74		
15	Ah6	Ce8	35			55			75		
16	f6	ex d4	36			56			76		
17	fxe7	Tdc8	37			57			77		
18	Ah5	g6	38			58			78		
19	Cd5	Axd5	39			59			79		
20	ex d5	Ce5	40			60			80		

8

Bota unha partida cun compañeiro e anota as xogadas nesta folla, tal como o fan os grandes mestres que participan neste torneo.

OPEN INTERNACIONAL D'ESCACS "Ciutat de Balaguer"

www.openbalaguer.org



Rolda	<input type="text"/>	Resultado	-	Mesa	<input type="text"/>		
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>				Data	-	-
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>						

N.º	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	N.º	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	N.º	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	N.º	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
1			21			41			61		
2			22			42			62		
3			23			43			63		
4			24			44			64		
5			25			45			65		
6			26			46			66		
7			27			47			67		
8			28			48			68		
9			29			49			69		
10			30			50			70		
11			31			51			71		
12			32			52			72		
13			33			53			73		
14			34			54			74		
15			35			55			75		
16			36			56			76		
17			37			57			77		
18			38			58			78		
19			39			59			79		
20			40			60			80		

Apertura

Fases dunha partida

Dominio do centro

Normas básicas da apertura





Fases dunha partida



Nunha partida de xadrez distinguimos tres fases: a apertura, o medio xogo e o final.

A apertura

As primeiras xogadas da partida constitúen a apertura. A súa finalidade é o dominio do centro e o despregamento das pezas.

As primeiras xogadas determinarán as futuras estratexias de ataque e defensa. Xa que logo, é importante non cometer erros graves ao inicio da partida.

Non se deben mover pezas sen ter un plan preconcebido.



O medio xogo

O medio xogo empeza cando remata a apertura.

No medio xogo as xogadas intentan:

- A captura das pezas do adversario.
- A preparación do ataque ao rei adversario.
- A defensa do noso rei.


Débase combinar a máxima cantidade de pezas para conseguir a mellor posición, a máxima presión sobre o adversario e unha boa vantaxe de material.

O final

Despois do medio xogo chega o final da partida, en que hai poucas pezas a consecuencia do intercambio e captura destas.

Nesta fase débese conseguir dar xaque mate ao rei adversario a partir das vantaxes obtidas no medio xogo.

Os finais de partida débense xogar ben, co fin de non perder partidas claramente gañadas. Un erro nesta fase adoita implicar perder a partida.






Dominio do centro

Un dos obxectivos principais da apertura é dominar as casas centrais mediante peóns e pezas menores.

Recorda que unha casa está dominada por unha peza se esta pode capturar unha peza adversaria que se mova á devandita casa.

Casas centrais


1



Estas catro casas forman a parte central do taboleiro.


Casas centrais ampliadas

2




Pódense denominar a estas doce tamén casas centrais.

3



O cabalo domina as casas centrais marcadas con círculos vermellos.

4




O peón domina as casas centrais marcadas con círculos vermellos.

1


Marca cunha cruz as casas do centro ou centro ampliado que dominan as brancas e cun círculo as que dominan as negras.
Rodea cun círculo que xogador domina máis casas centrais.

a




Brancas Negras

b




Brancas Negras

c




Brancas Negras

d




Brancas Negras

e



Brancas Negras


f




Brancas Negras

2


Rodea con círculo as xogadas que permiten dominar casas do centro (non ampliado).




Cf3, ... a3, ... Cc3, ...




..., Cf6 ... , d6 ... , h5




Cf3, ... Ch3, ... e3, ...



..., Cc6 ... , c5 ... , Ad7



Cc3, ... d4, ... b3, ...



..., Cf6 ... , Ca6 ... , h6




Normas básicas da apertura

Ao iniciar unha partida, débense seguir basicamente unhas normas, que teñen que ser unha guía para os xogadores principiantes. Deste xeito, pódense evitar graves erros.

1. Avanzar peóns para dominar o centro

1




Correcto

O primeiro peón que se avanza é, xeralmente, o do rei ou o da dama (dúas casas).

Os círculos indican as casas que o peón branco está a ameazar.


2



Correcto

Tamén se pode avanzar o peón do alfil do flanco da dama, pero para iso deberían terse algúns coñecementos de teoría de aperturas.


3



Incorrecto

Ao principio non se avanza os peóns das torres porque non contribúen á saída dos alfís. Tampouco é recomendable avanzar os peóns dos cabalos nas primeiras xogadas.

4




Incorrecto


Se se avanza os peóns do alfil, débese evitar obstaculizar a saída do cabalo. Neste exemplo, non se pode mover ningún alfil nin tampouco o cabalo do rei a f3.

3


Valora a xogada indicada e rodea con círculo a resposta correcta. Traza un círculo nas casas centrais que domina o peón xogado.




Correcto Incorrecto




Correcto Incorrecto




Correcto Incorrecto



Correcto Incorrecto



Correcto Incorrecto



Correcto Incorrecto




O movemento dos peóns centrais facilita que os alfís poidan entrar en xogo. As casas ocupadas por estes peóns non deberían obstaculizar o desenvolvemento dos cabalos nin o dos alfís.

Na apertura inténtanse desenvolver as pezas menores e despois as maiores co mínimo de xogadas posible.

2. Desenvolver os cabalos e os alfís canto antes mellor


1



Correcto

Ao desenvolver o cabalo, vale a pena aproveitar para ameazar pezas do adversario ou para defender as nosas.


2



Correcto

Ao xogar o cabalo negro, desenvólvese unha peza menor e, á vez, deféndese o peón negro ameazado. Despois, as brancas colocan o alfil en c4.


3



Incorrecto

O cabalo branco impídelles xogar ao alfil e á dama brancos porque bloquea as súas diagonais.
O cabalo negro da columna da torre non domina o centro.

4




Incorrecto


O alfil branco impide o avance do peón da dama e dificulta o desenvolvemento do alfil negro das brancas.

4


Valora a xogada que se indica e marca a resposta correcta. Traza un círculo nas casas centrais que domina a peza menor.




Correcto Incorrecto




Correcto Incorrecto




Correcto Incorrecto



Correcto Incorrecto



Correcto Incorrecto




Correcto Incorrecto



Co enroque facilítase a defensa do rei, xa que este se atopa nunha esquina do taboleiro e, ademais, queda protexido polos peóns de diante. Tamén permite comunicar a torre coas demais pezas.


3. Enrócate canto antes mellor

1




Os dous reis enrocáronse. Desta forma protéxense cos seus respectivos peóns, marcados de amarelo.

2




Para poder facer o enroque, antes despregáronse as pezas menores que se achaban entre o rei e a torre.

3



No enroque longo, o rei non está tan protexido e, ademais, é necesario mover unha peza máis (a dama). O peón da torre non está defendido polo seu rei.


4




O enroque permite mover a torre cara ao centro e, así, coordinar mellor outras accións coas pezas restantes.

5


Rodea con círculo as xogadas que lle permiten ao rei enrocarse canto antes mellor.




O-O, ... h3, ... Tb1, ...




..., Cc6 ... , Ae7 ... , c6




..., Ca6 ... , h6 ... , O-O



Ae3, ... a3, ... Ae2, ...



De2, ... Ningunha dxe5, ...



..., O-O ... , Da5 ... , Cb6




Ao desenvolver as pezas menores e a dama, e enrocarse o rei, as torres quedan comunicadas e deféndense mutuamente.

Estas regras axudan a entender a filosofía da apertura. Non obstante, a orde con que estas xogadas se executen pode variar por motivos defensivos ou para aproveitar erros do adversario.


4. Comunicación das torres

1




Obsérvase que na primeira fila as torres están comunicadas porque non hai ningunha peza entre elas.

2




Para comunicar as torres canto antes, é necesario que o rei se enroque e, ademais, que a dama e as pezas menores se desenvolvan.

3



As torres, despois de ser comunicadas, poden ocupar rapidamente as columnas centrais.


4




A medida que se van despregando pezas, inténtase controlar o centro, prepárase a defensa do rei e planifícase a estratexia de ataque ás pezas adversarias.

6


Rodea cun círculo as xogadas que permiten comunicar as torres.




Cd5, ... h3, ... Ae3, ...




... , g6 ... , Cd7 ... , Dc7




... , c4 ... , Tb8 ... , Cf7



Cec3, ... Ah6, ... Cbc3, ...



d5, ... Ningunha Dd2, ...



... , Ab7 ... , a5 ... , Cd5

Erros na abertura

Perdas de tempo

- Mover demasiados peóns
- Mover innecesariamente a mesma peza
- Pezas menores ameazadas
- Mover a dama incorrectamente

Peóns débiles

- Peón dobrado
- Peón illado
- Peón atrasado
- Peón demasiado avanzado






Perdas de tempo

Debe evitarse realizar xogadas que non favorezan ou dificulten o despregamento das pezas e atrasen o enroque.

Cometer erros graves na apertura leva consigo, xeralmente, perder a partida rapidamente. Este tipo de erros poderanse observar nas minipartidas da unidade seguinte.


1. Mover demasiados peóns

1




As brancas desenvolven as pezas menores, mentres que as negras non o fan porque xogaron demasiados peóns.

2




O movementos dos peóns ten que permitir o desenvolvemento das pezas menores e, tamén, o dominio das casas centrais.

3



Normalmente, os peóns que deben xogarse na apertura son os do centro do taboleiro.


4




Un caso especial, pero correcto, é o de avanzar unha casa os peóns **b** ou **g**, o cal permite o desenvolvemento do alfil mediante o denominado *fianchetto*.

1


Rodea con círculo quen xogou demasiados peóns de forma incorrecta. Pode haber máis dunha resposta válida.




Branca Negras Ningún




Branca Negras Ningún




Branca Negras Ningún



Branca Negras Ningún



Branca Negras Ningún



Branca Negras Ningún




Na apertura, tense que evitar mover dúas veces a mesma peza porque atrasa o despregamento das pezas restantes e o enroque.

Débase evitar que o adversario poida executar xogadas de desenvolvemento que leven consigo unha ameaza para as nosas pezas, xa que isto nos obrigaría a volver mover unha peza xogada anteriormente.


2. Mover a mesma peza innecesariamente

1




Mentres as negras se van despregando correctamente, as brancas perden tempo movendo dúas veces o mesmo cabalo.

2




O alfil branco, que antes avanzara á casa c4, móvese por segunda vez consecutiva, en vez de desenvolver outras pezas.

3



As negras perden tempo porque volven mover o seu alfil sen necesidade.


4




Co intercambio de peóns, a dama perde tempo ao ser ameazada polo cabalo. Non obstante, a xogada é correcta porque se compensa coa gran mobilidade das súas pezas menores.

2


Indica se o movimento que sinala a frecha verde é correcto ou incorrecto.




Correcto Incorrecto




Correcto Incorrecto




Correcto Incorrecto



Correcto Incorrecto



Correcto Incorrecto



Correcto Incorrecto




Débese procurar poñer a máxima cantidade de pezas en xogo.

Na apertura inténtase despregar as pezas menores, e logo as maiores, no mínimo tempo posible.


3. Pezas menores ameazadas

1




As brancas perderán tempo porque terán que volver xogar o alfil branco, que está ameazado polo peón negro.

2




Co movement do peón, as brancas, á vez que ocupan o centro, ameazan o alfil negro e gañan tempo.

3



As brancas, mentres ameazan o alfil negro, desenvollen o seu cabalo e, desta forma, gañan tempo.


4




O alfil, ameazado por un peón, ten que volver xogar. Estas xogadas son correctas porque o avance dos peóns laterais negros non facilitou o desenvolvemento das súas propias pezas.

3


Rodea con círculo as xogadas que gañan tempo de desenvolvemento e que se aproveitan do movemento da peza menor.




c3 , ... Ae2 , ... Cc3 , ...




h3 , ... Ad3 , ... Ad2 , ...




Cge2 , ... Ch3 , ... Cf3 , ...



... , Ce5 ... , Af5 ... , e5



... , Af5 ... , Dc7 ... , De7



e3 , ... Ae3 , ... e4 , ...




Non se debe xogar a dama, ao principio da partida, en casas onde as pezas do adversario poidan atacala e desenvolverse.

Recorda que a dama é a peza que ten maior valor.


4. Mover a dama incorrectamente

1




Neste exemplo, mentres o cabalo negro se despreza tamén ameaza a dama branca.

2




As negras teñen opción de capturar o cabalo branco con tres pezas diferentes. Non sería correcto capturar coa dama, tal como se observa nos diagramas 3 e 4.

3



As brancas desenvollen o seu alfil, que ameaza a dama negra e a obriga a ir a outra casa. As brancas gañan tempo de desenvolvemento.


4





As brancas desprezan outro alfil, que volve ameazar a dama negra. Mentres as negras perden tempo movendo a dama, as brancas poñen en xogo os seus alfís.


4


Anota as xogadas que gañan tempo de desenvolvemento e que se aproveitan do movemento prematuro da dama do adversario. En caso de que haxa máis dunha solución, sinala a mellor.

















Peóns débiles

